

Ruta lineal que percorre unha parte do río Sarela augas abaixo. Fácil acceso desde a cidade vella, pola zona de Galeras. O paseo permite ver os diferentes usos do río na antigüidade, pasando por vellos muíños, fontes e lavadoiros.

Propónse o seu inicio na **Ponte da Asén**, no **Parque das Galeras**, pola súa proximidade á cidade histórica e porque conta con zonas de aparcamento, servizos de restauración, parque infantil, etc.

Desde a **Ponte da Asén** dirixímonos augas abaixo pola zona asfaltada, pasando pola **Fonte do Ouro** e seguindo a pista en paralelo ao río e en dirección ás pistas de fútbol e baloncesto.

Despois de pasar o parque infantil, debemos virar á dereita, seguindo o camiño pegado ao muro da **Finca do Espiño**, que nos leva até a calzada do Carme de Abaixo. Alí debemos cruzar o paso de peóns e dirixirnos á esquerda, para pasar por diante da **Capela do Carme de Abaixo**. O camiño continúa pola dereita, seguindo o curso do río Sarela e pasando fronte a varios edificios que foron antigos curtidoiros, hoxe restaurados, e máis adiante pola **Fonte e Lavadoiro de Bar de Abaixo**.

Seguimos ata cruzar a pequena ponte fronte á **Fábrica de curtidos da Ponte do Rueiro de Figueiriñas** á que sucede unha pasarela de madeira e outra pontella que nos leva ao **Muíño e Fábrica de curtidos de Casas do Rego**.

Toda esta zona está chea de antigos muíños e curtidoiros, pasando polo **Muíño do Rueiro de Figueiriñas** e varios muíños, os **Muíños da Ribeira de San Lourenzo**, até chegar a unha rúa asfaltada, A **Ribeira de San Lourenzo**. Aquí debemos dirixirnos cara á dereita e descender ata a **Pontella da Ribeira de San Lourenzo**, que é a ponte que se sitúa entre as casas. Ao atravesala, debemos virar á esquerda, para retomar a senda paralela ao río, que queda a man esquerda e continuar, pasando polos **Muíños de Carcañeiras** e, tras pasar a **Pontella de Carcañeiras**, chegamos á **Ponte Sarela**, onde podemos atopar a **Fábrica de curtidos da Ribeira de San Lourenzo** e a **Fonte e Lavadoiro da fábrica de Curtidos da Ribeira de San Lourenzo**.

Ao volver á **Ponte da Asén** podemos continuar o paseo coa senda Río Sarela Arriba, que nos guía polo curso do río até a fábrica de curtidos da **Ponte Pedriña de Arriba**.



sendas

de Santiago de Compostela

<< Río Sarela abaixo



sendas próximas

- 01. Río Sarela arriba >>
- 03. Finca do Espiño > Selva Negra > Granxa do Xesto
- 04. Monte Pedroso
- Xiro dos Montes "Monte de Deus – Monte Pedroso – Monte de Vidán"



ten en conta



> Roupa e calzado apropiados para camiñar e adaptados á meteoroloxía e condicións do sendeiro.



> As sendas fluviais adoitan ser moi húmidas, e máis tras días de choiva, en que poden aparecer zonas encharcadas ou esvaradías.



> Mantén limpa a contorna e respecta a biodiversidade.

> Axúdanos a mellorar. Agradecemos os teus comentarios, suxestións ou avisos sobre o estado da senda en sendas@santiagoturismo.com

distancia:
2 km

duración 1 h (ida e volta)
dificultade baixa



RUTA VIRTUAL



ruta lineal



público familiar



apto bicis



parcialmente sinalizada



co apoio de
Deputación DA CORUÑA



100 m 100 m 100 m



Pontella da Ribeira de San Lourenzo

Carballreira de San Lourenzo

Fábrica de curtidos da Ponte do Rueleiro de Figueirinas

Fonte e Lavadoiro de Bar de Abaixo

Parque da Finca do Espino

Parque das Galerías

Fábrica de curtidos da Ponte Sarela

Ponte Sarela

Fábrica de curtidos do Carme Entrefríos

Capela do Carme de Abaixo

Parque do Carme de Abaixo

Lavadoiros de Santa Isabel

Residencia Presidencial


Monte Pío

Piscina municipal Santa Isabel

Parque Vista Alegre

Ponte da Asén

FINAL INICIO



-  Bosque / Zona verde
-  Miradoiro
-  Parque / Área recreativa / Zona infantil
-  Zona de Restauración
-  Ponte
-  Parada de autobús
-  Punto de interesse
-  Aparcamiento